

# O Mirador



**TITULARES DO MES:**

- 8 de Abril: Día Internacional dos Xitanos.....páx. 5
- O CSC de A Trisca pon en marcha o proxecto ACTIVA.....páx. 7
- As Culturas Urbanas.....páx. 9

...e ad+ novas seccións!!: deportes, proteste xa!..... MIRA DENTRO!!!!

**PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN DE RÚA**  
**CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL/SERVIZOS SOCIAIS**  
**CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**



## PRESENTACIÓN

Este xornal nace dunha iniciativa a nivel comunitario impulsado desde o **Programa Municipal de Educación de Rúa** da Concellaría de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela en colaboración coas entidades que teñen unha sólida traxectoria no barrio.

A diversidade cultural é un fito cada vez máis común ás sociedades modernas e como no podía ser menos, tamén ós barrios de Santiago de Compostela.

A mocidade da cidade principalmente é a que mostra esta diversidade de “culturas urbanas” das que se falan no xornal deste mes, a través da vestimenta, da música que escoita, dos locais que frecuenta, intereses, afinidades... nas páxinas do número 7 de “O Mirador” intentamos facer unha pequena introdución en tres delas (o punk, o heavy e a cultura gótica). E dicimos unha introdución xa que é tarefa imposible poder describir estes, o fin o cabo, movementos sociais na súa totalidade en tan poucas páxinas pero intentamos xerar esa primeira curiosidade para que cada unha e un de vos poida interesarse e investigar pola súa conta acerca delas.

Pero non limitándonos a isto, desde “O Mirador” queremos sinalar que esta diversidade de culturas que se da nos nosos barrios vai máis aló das vestimentas. Nos barrios da cidade convivimos familias xitanas e payas, marroquís, romanas, portuguesas, chinas e un largo etc.

Esta realidade, aínda que as veces produza controversias, totalmente normais en todo tipo de convivencia, ten que interpretarse coma unha riqueza da que todas as persoas poden estar orgullosas e beneficiarse tanto a nivel individual coma colectivo, se aprendemos unhas de outras, rompendo os medos e prexuizos, que non son máis que lastres e inútiles impedimentos da evolución e o progreso.

# Mirando ao barrio

## FONTIÑAS XA TEN UN NOVO PABILLÓN DE DEPORTES

A cidade dispón xa dun novo equipamento polideportivo a carón do IES Antón Fraguas, en Fontiñas.

O novo polideportivo, construído nunha parcela municipal e financiado nun terzo polo Concello e nos dous terzos restantes pola Xunta, conta cunha pista regulamentaria para distintos deportes, tales como fútbol sala, patinaxe, baloncesto ou voleibol. Está realizada en tarima de madeira flotante de competición. Unha das novidades deste equipamento é que incorpora un rocódromo de nivel 5, co que se quere potenciar o deporte da escalada. A instalación está situada fronte á grada, que ten capacidade para unhas 300 persoas. Ademais, deixáronse catro nichos para futuras instalacións futuras e para facilitar distintos deportes ao mesmo tempo.

Dispón tamén de catro vestiarios para equipos e dous para árbitros e aseos a nivel de gradas. O local de enfermería, dous locais de usos múltiples e un espazo de uso aínda por definir están situados a nivel da entrada. Colócanse sobre un corredor que fai as veces de balconada sobre a pista en planta alta, comunicado mediante un ascensor co nivel de gradas e a través dunha rampla co nivel de pista.

En canto á situación topográfica do pavillón, de leste a oeste ascende un sendeiro xunto ao muro do instituto que salva un desnivel de seis metros, quedando as entradas, principal e secundaria, na súa parte alta. Deste xeito, concibiuse o edificio como un zócalo do conxunto, como unha praza con teito incrustada na ladeira, na que a cuberta, ao tempo que resgarda das inclemencias do tempo, pasa a ser paisaxe das vivendas que constitúen a mazá.

Esta cuberta, vexetal en parte e terrosa no resto, está fraccionada por unha secuencia de cercas que, metade dentro do edificio, metade fóra, proporcionan escala á superficie da mesma, ao tempo que permiten unha lixeira entrada de luz na pista polo día e unha pequena iluminación para os veciños pola noite.



## Mirando ao barrio

### 8 DE ABRIL DE 2011: DIA INTERNACIONAL DOS XITANOS



### COMUNICADO DA FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

O próximo 8 de abril celébrase o *Día Internacional dos xitanos 2011*. Con este motivo, como nos anos anteriores, a Fundación Secretariado Xitano elaborou un cartel conmemorativo que difunde entre numerosas entidades españolas e europeas; tamén organiza e colabora en moi diversos actos, cada vez máis frecuentes en moitos países, e difunde, como tamén é habitual, un comunicado institucional co que chamar a atención das administracións á opinión pública en xeral sobre a situación da comunidade xitana en Europa que, un ano máis, presenta luces e sombras no seu proceso de inclusión social e acceso a plena cidadanía.

Esta celebración, de clara dimensión europea, ten este ano 2011 un significado especial ao conmemorarse o 40º aniversario do congreso xitano celebrado en Londres o 8 de abril de 1971, no que se creou a bandeira e o himno xitano.

Ademais, o próximo 5 de abril, a Comisión Europea presentará o Marco da Unión Europea para as Estratexias Nacionais de Inclusión da Poboación Xitana. Tras esta presentación, espérase que o próximo paso sexa a valoración por parte do Consello Europeo de xuño, o que lle daría un rango de especial relevancia institucional.

Este importante contexto político para o futuro da poboación roma/xitana europea da continuidade aos eventos de alto nivel iniciados en 2008 en Bruxelas, coa I Cumbre sobre Poboación Xitana, e en abril de 2010, coa II Cumbre celebrada en Córdoba. Un contexto que, a súa vez, responde a distintas resolucións do Parlamento Europeo como a aprobada o pasado 9 de marzo *sobre a Estratexia da UE para a integración da poboación romaní* coa que instase a definir uns mínimos estándares vinculantes a nivel europeo para a inclusión social das persoas xitanas e se reclama unha mellor protección dos dereitos fundamentais e un mellor uso dos recursos europeos.

## Mirando ao barrio

Desde a Fundación Secretariado Xitano, en liña con outras moitas organizacións da sociedade civil en Europa, pensamos que este contexto supón unha ocasión única de cara a reforzar o compromiso político das institucións europeas e os Estados membros, para que promovan a inclusión social dos xitanos, xa que contiñan sendo un dos grupos aos que máis afectan as situacións de pobreza e marginación, así como os máis discriminados de toda Europa. Aínda resoan próximos os feitos do verano pasado en Francia, onde realizáronse expulsións indiscriminadas de persoas xitanas romanas e búlgaras (familias, mulleres, maiores, nenos...) baseadas no seu orixe étnico.

Por iso, é necesario poñer en marcha tódolos instrumentos xurídicos, políticos e económicos para acabar con estas políticas discriminatorias e pechar a brecha entre a minoría xitana e o conxunto da poboación europea. Nesta labor, deben implicarse tódalas administracións, desde a europea aos EE-UU, tanto na súa dimensión central como rexional ou local, así como a sociedade civil no seu conxunto.



Non podemos deixar pasar un momento clave como o actual para a plena incorporación social e o recoñecemento institucional da poboación xitana en Europa. Como apunta a última resolución do Parlamento Europeo, debemos actuar decididamente en ámbitos clave como a *educación* (a principal garantía para a igualdade de oportunidades), o *emprego* (un elemento esencial para a inclusión social) ou a *vivenda* (erradicando definitivamente a lacra do chabolismo). Trátase dun momento crucial para a comunidade xitana europea, no que danse condicións favorábeis para que no prazo dunha década sexa posíbel un impacto decisivo de cara á definitiva e efectiva inclusión social desta comunidade. Pero nos corresponde a todos aproveitar estas oportunidades para poder sacar partido a todo o potencial que se xerou cos recentes avances institucionais evitando que –por efecto da crise ou por outras prioridades– caian en saco roto.

Madrid, 30 de marzo 2011

### **Máis información:**

Na web da Fundación Secretariado Xitano hai habilitada unha sección con tódalas informacións de interés relativas ao **8 de abril, Día Internacional dos Xitanos**, tanto deste ano 2011 (carteles, noticias, comunicados, enlaces... ) como de anos anteriores.:

<http://www.gitanos.org/servicios/prensa/dossieres/15565.html>

# Mirando a outros barrios

## **O CSC DE A TRISCA PON EN MARCHA O PROXECTO “ACTUA”**

### O CENTRO SOCIOCULTURAL DE A TRISCA ESTÁ A REALIZAR UN PROXECTO DE FOMENTO DA CONVIVENCIA NO ÁMBITO DO BARRIO DE SAN PEDRO

O proxecto, de nome ACTÚA (actitude cívica, tolerante, útil e amable), contempla diversas accións que xiran en torno o a difusión de boas prácticas cidadáns co obxectivo de mellorar actitudes e aspectos da convivencia no barrio de San Pedro.

¿Podemos as persoas conseguir un entorno máis agradable, limpo e coidado so coa nosa actitude? Esa é a convicción que move o proxecto A.C.T.U.A. que desde o mes de marzo estase a realizar no centro sociocultural de A Trisca. A intención de dito proxecto e a de mellorar a calidade de vida e a convivencia das persoas desde o cambio nas actitudes individuais. Para a consecución de dito obxectivo trabállase en tres sentidos, por un lado con actividades dirixidas o coñecemento do entorno e as súas problemáticas, por outro con acción dirixidas a mellora das capacidades comunicativas e interrelacionais e por último de difusión de boas prácticas. A súa filosofía é a de conseguir un gran cambio social a base de pequenos cambios individuais, na confianza do contaxio das actitudes positivas.

Polo momento lévanse realizadas unha saída o pleno municipal, unha charla-obradoiro sobre reciclaxe e utilización dos servizos de recollida selectiva de lixo coa colaboración de URBASER e dous obradoiros sobre comunicación asertiva e resolución de conflitos para pais/nais e preadolescentes cunha participación, polo momento, de 103 persoas. Quedan por realizar accións como a realización dun encontro sobre xogos tradicionais que terá lugar o 18 de maio entre maiores e nenos, a repartición de cartaces e adhesivos, a realización dunha charla sobre “A arte da felicidade” o 25 de maio e a produción dun vídeo-documental sobre a convivencia no barrio de San Pedro.

# Mirando ao mundo

## FRANCIA, GRAN BRETAÑA E ESTADOS UNIDOS ATACAN AS FORZAS DE GHADAFI

Mentres Nicolas Sarkozy lía solemnemente ante as cámaras de televisión a autorización final para atacar Libia, os avións caza franceses xa se preparaban para sobrevoar o Mediterráneo. Dúas horas despois, cando o sol comezaba a descender nas costas do norte de África, as primeiras bombas destruían un tanque blindado do exército de Muammar Ghadafi no que se denominou “Operativo Odisea do Amencer”. As forzas armadas francesas confirmaron o primeiro bombardeo, e tamén adiantaron que a ofensiva se circunscribe por agora a zona de Benghazi, o principal bastión da rebelión. Pero unhas horas despois, desde Washington o vicealmirante William Gotney informou que submarinos e barcos da VI Flota norteamericana e un submarino británico apostados no Mediterráneo dispararon 110 mísiles contra 20 obxectivos antiaéreos (radares, centros de comunicación e mísiles de longo alcance) arredor de Trípoli, a capital libia.

Ao rematar o 19 de marzo, París tiña enviados xa 20 avións galos e agardábase que nas vindeiras horas reciba reforzos provistos por outros países europeos, como Dinamarca. Mentres tanto, en Italia, Silvio Berlusconi, ata fai pouco férreo aliado de Ghadafi, fixo trasladar os seus avións de combate a base de Sicilia, a só uns quilómetros da costa do Mediterráneo.

Un día despois de que o Consello de Seguridade da ONU aprobara unha intervención militar contra Libia, os líderes da Unión Europea, a Liga Árabe, a Unión Africana, o secretario xeral da ONU Ban Ki Moon, Sarkozy, o seu par británico David Cameron, a secretaria de Estado norteamericana Hillary Clinton e o primeiro ministro canadense, Stephen Harper reuníronse en París para dar a orde final. “Intervimos para permitir que o pobo libio poida escoller por si mesmo o seu destino... Aínda ten tempo para evitar o peor, aceptando sen retraso e sen reserva todas as esixencias da comunidade internacional. A porta da diplomacia volverase a abrir no intre no que as agresións cesen. A nosa determinación é total”, advertiu un moi serio Sarkozy.

Se a resolución do Consello de Seguridade deixou preocupados a moitos analistas polo seu amplo alcance, as palabras do presidente Sarkozy non fixeron máis que confirmar eses medos.

### ¿QUENES ESTÁN EN CONTRA DA GUERRA CONTRA LIBIA?

O goberno ruso difundiu un comunicado no que deploraba a decisión das “potencias occidentais” de intervir en Libia. O goberno alemán pensa o mesmo, ao igual que Brasil, India, China e, máis discretamente, as cúpulas militares de París, Londres e Washington.

A intervención en Libia non só non ten obxectivos concretos e a curto prazo, senón que está chea de contradicións. A resolución final da cumbre de París reivindicaba unha e outra vez a participación dos países árabes. Sen embargo, Washington non puido conseguir que o novo goberno de Exipto, emblema dos ventos de mudanza que recorren a rexión, se sume a ofensiva militar. Non se trata de que non apoiem o levantamento libio –case todas as armas en mans dos rebeldes proveñen de Exipto–, senón que consideran que unha intervención estranxeira non é a solución para a inestabilidade política en Trípoli. Pola contra, Washington e os seus compañeiros europeos si conseguiron o apoio enérxico de Arabia Saudita e Emiratos Árabes Unidos, dous países que enviaron esta semana militares e policía para reprimir un levantamento similar en Bahrein, no Golfo Pérsico.

Elaboración: “O Mirador” investiga na web



Alaguri, AP



# Canto sabes sobre...???

## CULTURAS URBANAS

As culturas urbanas son un conxunto de persoas con pasatempo, roupa (moda), gustos, cultura e xeralmente afinidade a certo tipo de música, son grupos onde cada individuo pertence e vive para a mesma cultura.

Este tipo de comportamento volveuse moi común na nosa xuventude. Xeralmente as mozas e mozos vanse dividindo dependendo do estilo de música que escoita: rock, rap, reggaetón, punk, música electrónica e infinidade de xéneros máis.

A música sen dubida ten moito que ver co noso comportamento actual e grazas a ela podemos saber porque certas persoas se visten dunha forma, como actúan e como pensan,...

Cada cultura urbana pasou polo seu momento de mais seguidores, nestes momentos son os “emos”. A continuación imos falar dalgunhas delas !

### PUNK

O punk que da nome a cultura punki, e un xénero musical dentro do rock que se caracteriza pola súa actitude independente e amateur. As liñas da guitarra son sinxelas o que choca coa dureza do son amplificado, xeralmente creando un ambiente sonoro ruidoso ou agresivo. As voces varían dende expresións fortes e incluso violentas ou desgarradas, expresivas letras que alteran os parámetros convencionais da acción do cantante, ata formas máis melódicas e elaboradas.

Na súa natureza orixinal, a cultura do punk foi principalmente a da liberdade individual, que tende a crear crenzas en conceptos tales como o individualismo e o pensamento libre. A ideoloxía punk contén moi a cotío unha visión crítica do mundo, presentando ás sociedades modernas como limitadoras da humanidade. Ésta ideoloxía exprésase mediante a música punk. A principios dos 70, os "punks" tiñan unha filosofía diferente á de agora, baseada na idea de "*There is no future*" (*non futuro, non hai futuro*). Ese concepto era pesimista, desesperado, destrutivo e agresivo coa sociedade.

Pero, na actualidade non é igual que fai trinta anos, aínda que seguen conservando a natureza do punk.

Pode resumirse en

- "faino ti mesmo", "faino a túa maneira" (en inglés "*Do it yourself*").
- Rexeitar os dogmas, e non buscar pensamento único.
- Non actuar conforme ás modas e as manipulacións mediáticas, ademais de estar en contra do consumismo

Algúns grupos: The Clash, Iggy Pop, The Ramones, Gogol Bordello, Kortatu.



## Canto sabes sobre...???

### HEAVY



O heavy metal é un estilo musical que se caracteriza por poseer ritmos potentes, crudos e maioritariamente agresivos, logrando mediante a utilización de guitarras altamente distorsionadas, baterías con dobre pedales e sonidos potente, baixos eléctricos pronunciados, todo isto agregados a unha atmosfera.

O pelo largo e desgredado, segundo Weinstein, é a característica distinguida máis crucial da moda metal, o uniforme clásico dos seguidores do heavy metal consiste en pantalóns jean, camisetas negras, botas e chaquetas de coiro ou jean. Estas camisetas son xeralmente estampados cos logos ou outras representacións visuais das bandas metal favoritas. Os seguidores do metal tamén obteñen o seu estilo dos elementos da comunidade sadomasoquista (cadeas, estoperoles metálicos, cranios, coiro e cruces)

Ademais da xerga poderíamos engadir un incríbel elenco de xestos, posturas e simboloxía, como pode ser o distintivo símbolo da *man cornuta*: dedos índice e meñique estirados, recollendo os dedos corazón, polgar e anular. Dito xesto parece que foi estendido por Ronnie James Dio durante a súa época coa banda Black Sabbath quen copiou o xesto que utilizaba a súa avoa para espantar os malos espíritos.

Algúns grupos: Black Sabbath, Led Zeppelin, Kiss, Iron Maiden, Metallica.

### GÓTICOS

A subcultura gótica é un movemento subcultural existente en varios países. Empezou no Reino Unido entre finais da década dos 70 e mediados dos 80, na escena do rock gótico, unha derivación do post-punk. A súa estética e inclinacións culturais proveñen principalmente das influencias da literatura de terror, do cine de terror e, en menor medida, da cultura BDSM.

Os membros da subcultura gótica comparten gustos estéticos, musicais e culturais. A pesares de que a música gótica abrangue varios subxéneros e estilos, todos estes comparten unha tendencia cara unha aparencia e un son *dark* ou *escuro*. Os estilos de vestimenta dentro da subcultura toman influencias do death rock, punk, estilo andrónimo, e ata o estilo de vestimenta do Renacemento ou da época victoriana; sen embargo, os góticos teñen unha estética propia, que céntrase no color negro: traxes negros, maquillaxe para resaltar palidez no rostro ou pintalabios negro ou vermello.

Algúns grupos: The Cure, The Sisters of Mercy, My Dying Bride, Paradise Lost.



# Mirando pola túa saúde

## A EPILEPSIA

A Epilepsia é unha enfermidade crónica do sistema nervioso central que se manifesta en forma de crises inesperadas e espontáneas. Estas crises son desencadeadas por unha actividade eléctrica excesiva dun grupo de neuronas superexcitábeis.

### Primeiros Auxilios:

1. Para evitar lesións, poña a vítima no chan e suxéitea suavemente pero con firmeza.
2. Póñalle unha almofada e afróuxelle a roupa.
3. Poña á vítima de lado para evitar que afogue no caso de que vomite.
4. Cando pase o ataque, verifique que os condutos respiratorios estean abertos e a respiración sexa normal.
5. Non permita que a vítima se pare, camiña ou conduza despois do ataque.
6. Chame á ambulancia ou leve á persoa ao hospital máis próximo.
7. Non de de comer nin beber á vítima.
8. Se a vítima é un neno e ten febre, quítelle a roupa e cúbrao con toallas molladas en auga fresca.

### Posíbeis causas da Epilepsia e factores de risco:

- Herenza (o factor xenético de predisposición a padecer crises convulsivas é moi limitado)
- Erros conxénitos do desenvolvemento: Malformacións conxénitas hereditarias ou erros no metabolismo.
- Anoxia cerebral: Insuficiencia de osíxeno no cerebro durante o parto ou na infancia.
- Traumatismos cranoencefálicos
- Enfermidades infecciosas
- Trastornos metabólicos adquiridos.
- Enfermidades dexenerativas do sistema nervioso central.
- Tumor cerebral
- Abuso do consumo de drogas.
- Exposición a elementos tóxicos.



# Reportaxe

## A SUPERLÚA DE PRAGA

O pasado 19 de marzo de 2011, aliáronse os astros para podermos ver a “superlúa de Praga” reflectida no Moldava, ao tempo que escoitabamos unha lenda de lavadeiras da illa de Kampa, acubillados na fría pedra da ponte máis vella de Praga; Karlův most (Ponte Carlos). Para os/as que lle gusten as cifras, contan os entendidos que dende o ano 1993 non acontecía que a lúa brillara un 30% máis do habitual, e que medrara ate un 14% a maiores do que xa nos ten afeitos. Seguindo coas curiosidades numéricas, a maioría do alumnado da excursión naceu no ano da anterior superlúa (1993), e eu na anterior a esta. Pero como nós somos xente de artes, os números son un mero soporte para a música, as curiosidades da vida elíptica da lúa son pois para nós, unha grande fonte de inspiración.

As mareas vivas do bacharelato artístico do IES Antonio Fraguas, desembarcaron así en Praga baixo o beneplácito dos astros, para certificar que o Teatro Negro e a Lúa Branca son unha perfecta combinación vital dende a óptica da aprendizaxe significativa.

Sen dúbida, unha viaxe para non esquecer.

Toda esta bonita historia xurdiu a comezos do presente curso académico como unha pequena brincadeira na clase de Análise, na que falabamos dunha hipotética viaxe a algún lugar do Mundo, para gozar da música en directo. Pouco a pouco a idea foi callando e os sentimentos de incredulidade tornáronse nunha realidade cómplice.

Xa tiñamos un obxectivo fixado: O teatro da Ópera Estatal de Praga. Así foi como un grupo de 21 artistas e dous mestres comezaron a traballar arreo para conseguir unha pasaxe para ver, escoitar e cheirar en directo “A bohemia” de G. Puccini, nun dos lugares máis míticos da música culta europea.

Un dos obxectivos previos á viaxe era que os dous grupos de primeiro e segundo de bacharelato se coñeceran, para o cal non se nos ocorreu mellor idea que crear un espectáculo-Cabaré que tiña como leitmotiv a palabra “xirarei”, para recadar fondos para as entradas do Teatro Negro. Creio que a idea xurdiu efecto e, aínda por riba penso que non resultou de todo mal, posto que foi un éxito de público e de críticas.

Primeiro paso conseguido: xa se unificou o grupo antes de marchar. Esta experiencia de ensaios foi unha primeira toma de contacto tamén para min, que me serviu para valorar a capacidade de interacción co alumnado nun contexto extra-escolar de traballo intenso. Esta experiencia fixome distanciarme outro pouco máis da anquilosada verticalidade educacional e achegarme á potencialidade da aprendizaxe mutua na horizontalidade do proceso de co-aprendizaxe. Estas viaxes culturais son, ao meu entender, un camiño de entendemento perfecto para potenciar unha serie de valores no alumnado e no profesorado, que ás veces non se tratan tanto como deberamos nas aulas.



Parafraseando a Ferrière, (*op. cit.*, 119). “En todos os países de Europa a escola se ten esforzado por adestrar ao neno na obediencia pasiva. Non se fixo nada por desenrolar o espírito crítico, favorecer a axuda mutua, a solidariedade e a cooperación...”

Así pois, podemos acreditar que os termos: sociedade e educación, van parellos e son inherentes a este tipo de accións educativas baseadas na convivencia. Outro autor que tamén quero nomear, por ter escrito un interesante libro relacionado con este tema é Ivan Illich (Illich, I. *La convivencialidad*, Barral, Barcelona, 1978)

Argumenta que unha “sociedade convivencial” é unha sociedade que ofrece ao home a posibilidade de exercer a acción máis autónoma e máis creativa e, por suposto ao meu parecer menos competitiva.

Argumenta que unha “sociedade convivencial” é unha sociedade que ofrece ao home a posibilidade de exercer a acción máis autónoma e máis creativa e, por suposto ao meu parecer menos competitiva.

## Reportaxe

Con toda esta disertación quero chegar á conclusión de que esta viaxe, que xa a priori era de carácter lúdico-educativa, resultou ser unha sorprendente e fértil terra para a aprendizaxe significativa, na que a horizontalidade na convivencia resultou ser unha experiencia impagábel a nivel educativo. Estou seguro que será unha viaxe difícil de esquecer para moitas e moitos de nós.

A cantidade de fotografías e vídeos que traemos de Praga, son proba deste traballo, e seguro que nos lembrarán cun sorriso nos beizos, as pinturas de Alfons Mucha, a grandiosidade do Reloxo do século XV, o encanto do barrio xudeu, a incríbel colección de instrumentos do Museo da Música, a Catedral, o Castelo, a Illa de Kampa, a Ponte Carlos, a exposición dos Beatles, a casa de Mozart, a réplica da Bodeguita de en Medio, as caras dos praguenses cando cantabamos no metro, o paseo en tranvía, as emocións contidas na ópera e no Teatro



Negro, as risas, a beleza da neve... Unha infinidade de emocións e vivencias que se almacenaron no noso cerebro a través dos cinco sentidos.

Algo que de ningún xeito poderá suplir a “realidade virtual” da rede de ningún nativo dixital, tal e como se empeñan en catalogar a esta xeración, á que seguramente lle tocará cambiar o Mundo. Un mundo enteiro por descubrir a través do pracer de viaxar, de coñecer os lugares e os camiños que chegan a eles, en definitiva trocar o termo “tecnócrata”, aplicado a estes rapaces polo termo de “nativ@s viaxeir@s”, posto que nacemos para viaxar. Somos nómades adormecidos, que

de cando en vez atrevémonos achegar á nosa pituitaria o cheiro das viaxes, que sempre quedarán impregnadas no máis recóndito xardín das esencias da memoria.

Non estaría de máis pois, propoñernos unha materia no currículo para estes “nativ@s viaxeir@s” ávidos de información, na cal a comunidade educativa traballáramos as competencias educativas dun xeito holístico. Unha vía aberta ao diálogo, para reflexionar activamente sobre o noso papel como educadores á hora de participar e implicarnos neste tipo de enriquecedoras actividades.

Dende estas liñas, quero agradecer a axuda e a complicidade de X.M. Dobarro por axudarnos a facer este soño realidade, así como de toda a comunidade educativa do I.E.S Antón Fraguas por facilitar as tarefas de loxística desta viaxe.


Evidentemente, tamén agradecer ao alumnado por compartir esta viaxe tan chea de emocións, risas e complicidade. Agardo que esta viaxe quede gravada nas vosas e nas nosas retinas por moito tempo como algo máis que unha lembranza agradábel. Tamén estaría ben valorar este retorno enriquecido á vida cotiá, deixando atrás un soño feito realidade en equipo : Vivir a maxia da música!!!

Desexo pois de verdade, que esta viaxe sexa unha semente na busca da Felicidade no voso futuro, cheo de novas vilas e xentes por descubrir, e novas músicas das que gozar. Sobre todo isto último, que non vos falte nunca a Música e a Arte en xeral, para poder soportar mellor o día a día deste Mundo cada vez máis exasperado.

O dito, parabéns pola grata convivencia e seguimos komunikando nos camiños do vento. Na Zdraví!!!

Elaborado por: Manolo Maseda Deán (Profesor de Análise Musical no IES Antonio Fraguas)

# Testemuña



## **Anxo Caído**

**Acabei no inferno  
porque no ceo me desterraron.  
Meu vestido, miñas alas están queimadas  
e meu halo destrozado.**

**Atáronme as mans,  
vendáronme os ollos,  
non podo alzar o vo,  
abandoáronme todos.**

**O lume do inferno  
cambiou as miñas roupas  
xa non son brancas,  
tornáronse escuras.**

**Xa non son un anxo,  
pero tampouco un demo,  
son un alma caída  
con corazón de xeo.**

# O que hai que ver...

## FEIRA DO LIBRO NOVO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

### Programa 2011:

O Paseo Central da Alameda acolle unha nova edición da Feira do Libro Novo, que se prolongará desde o 30 de Abril, coa inauguración da feira ás 13:00 horas, ata o 8 de Maio que será o día da clausura.

O horario da feira durante a mañá é de 11:30 a 14:00 horas e durante a tarde, de 17:30 a 21:30 horas. Os fins de semana e festivos o horario é de 11:30 a 12:30 horas.

A feira conta coa exposición de libros catalogados e numerosas novidades literarias, dando lugar tamén á participación de escritores e escritoras. Durante a feira os máis pequenos da casa tamén poden divertirse con diversas actividades.



# A VERDADE SOBRE...

## AS DROGAS DE ORIXE NATURAL



Unha droga é considerada natural cando pode ser extraída, a través de varios procesos, dunha determinada planta. Ademais disto, contan coa característica de non ter recibido ningún tratamento químico na súa elaboración. Dentro da denominación de drogas naturais atópanse diferentes tipos de substancias con diferentes tipos de efectos.

Algúns tipos de drogas naturais son: o café, o cacao, o tabaco, o cannabis e derivados (como marihuana e hachis), os fungos (setas), a folla de coca, a beladona e o peiote.

As drogas naturais pódense presentar e consumir de diferentes xeitos, sendo xeralmente atopadas como herbas e líquidos, fumándose e tomándose.

En xeral, o consumo destas substancias non deriva nunha dependencia física, aínda que si pode chegar a unha dependencia psicolóxica, dependendo das características persoais da consumidora ou consumidor. As drogas naturais poden ser tanto estimulantes coma depresoras do sistema nervioso central. A súa vez, dentro da categoría de drogas, pódense presentar diferenzas no que ao eido legal se refire, pois hai substancias naturais que teñen prohibida a súa produción, consumo e venda. Este mes, “O Mirador” vai centrar o seu análise nos Fungos Alucinóxicos e no Peiote.

Os principais fungos alucinóxicos son o *Psilocybe* e as *Amanitas* (*Amanita Muscaria*, *Amanita Phanterina*). Antigas culturas de África e América Central outorgábanlle poderes divinos e utilizaban este tipo de alucinóxicos en rituais e cerimonias servidas con mel ou chocolate no caso dos Aztecas. A partires da derrota de Hernán Cortés os europeos prohibiron o uso dos intoxicantes/embriagantes non alcolicos, incluídos os fungos sagrados.

Séculos despois Roger Heim acudiu os laboratorios Sandoz para extraer os principios activos dos fungos, a psilocibina e a psilocina, pasando rapidamente este tipo de droga ao movemento psicodélico da década de 1960.

### EFFECTOS FÍSICOS DOS FUNGOS:

Provoca alteracións gastrointestinales como náuseas, diarreas e vómitos, acompañados de somnolencia. Tamén provoca unha salivación profusa, lagrimeo e sudoración ao igual que espasmos musculares, aumento da temperatura corporal.





## A VERDADE SOBRE...

### EFFECTOS PSÍQUICOS DOS FUNGOS:

Trastornos perceptivos (alucinacións visuais e auditivas) e perda do equilibrio. Aparece despois a locuacidade.

Ao consumir unha droga alucinóxena, o estado de ánimo (cómo se sente a persoa consumidora) e o seu entorno (lugar e persoas que o rodean cando a toma) van influír na experiencia. Poden producirse ataques de pánico, paranoia alucinóxena e histeria, perda de contacto total coa realidade e alucinacións espantosas imposibles de deter (mal viaxe).

O Peiote é un cactus que medra nas rexións semidesérticas do centro norte de México e o sur de EEUU, concretamente no deserto do Chihuahuán. A súa principal utilización é de carácter relixioso aínda que tamén forma parte da menciña tradicional de moitas tribos de Centro América. A igrexa católica tratou de facer desaparecer o uso do peiote ao consideralo pecaminoso e diabólico e a súa expansión cara o norte fixo que os indios das planicies do medio-



oeste americano organizarán unha relixión baseada nel o que provocou unha gran controversia que tivo como resultado a creación da Igrexa Nativa Americana que si utiliza o peiote nas súas cerimoniais relixiosas.

### EFFECTOS FÍSICOS DO PEIOTE:

Media hora despois da súa inxestión soe producir náuseas e vómitos así como diarrea. Tamén produce unha forte salivación e rixidez de pescozo e mandíbula.

### EFFECTOS PSÍQUICOS DO PEIOTE:

Poden ir desde sensacións eufóricas ata experiencias visionarias, prodúcese unha dilatación das pupilas e aumenta a agudeza visual e os detalles insignificantes adquiren un interese extraordinario. É capaz de transformar os sons e impresións luminosas e as imaxes en sons así como desdoblamento da personalidade e a fusión desta cos obxectos do mundo exterior.

O principal risco que produce a mezcalina é sufrir un episodio psicótico dado o seu forte efecto alucinóxeno.

Elaboración: Redacción de "O Mirador"

## O PARKOUR

“O Mirador” quiere botar unha ollada tamén cara os diferentes deportes que practican as xentes dos barrios de Compostela. Este mes, comezaremos polo Parkour.

**O Parkour**, tamén coñecido como l'art du déplacement (o arte do desprazamento), é unha disciplina ou filosofía nacida en Lisses, Francia fai 15 anos aproximadamente, que consiste en desprazarse dun punto ao outro o máis fluidamente posíbel, empregando principalmente as habilidades do corpo humano. Isto significa superar obstáculos



que se presenten no percorrido, tales como vaías, muros, paredes, etc. (en ambientes urbanos) e incluso árbores, formacións rochosas, ríos, etc. (en ambientes rurais). As persoas que practican o parkour son denominadas como *traceurs* no caso masculino e como *traceuses* no caso feminino.

É unha disciplina mediante a cal fortalécense e axilizan corpo e mente para que en caso de ser necesario a persoa que o practique sexa quen de desprazarse de



maneira efectiva en lugares e tempos indistintos.

O Street Stunt é un deporte parecido o parkour pero incorporando no percorrido máis acrobacias. Mentres que o parkour busca a rapidez e fluidez, o Street Stunt busca a beleza dos movementos.

# lendo, vendo, aprendendo...



***This is England*** é un drama centrado nun grupo de mozos e mozas skinheads de principios dos 80. Reflexa como o movemento skinhead orixinal foi adoptado por organizacións asociadas ao nacionalismo branco, o que provocou a división da escena skinhead. Compre sinalar, que a diferenza do que moitas persoas pensan, o movemento skinhead orixinal non era racista e tiña raíces na estética e música negra xamaicana como o ska e o reggae e caracterizábase pola solidariedade e compañerismo, así como a pertenza a clase obreira dos seus membros.

**Título Orixinal:** This is England

**Ano:** 2006

**País:** Gran Bretaña

**Guión e Dirección:** Shane Meadows

**Musica:** Ludovico Einaudi

**Reparto:** Thomas Turgoose, Stephen Graham, Jo Hartley, Andrew Shim, Vicky McClure,

Este filme, ambientado na Inglaterra dos 80 que coincide coa época da Guerra das Malvinas, amosa a un rapaz de 12 anos chamado Shaun que despois de perder a seu pai na guerra cambia de cidade.

A nova vida na cidade non lle agrada moito e son constantes as pelexas con compañeiros de clase, os que lle fan mofa polo seu aspecto e vestimenta humilde de clase obreira e pola defunción de seu pai. Un día, Shaun coñece a unha banda de mozos skinheads encabezada por Woody, que ao velo tan decaído deciden animarlo e o introducen no seu grupo. Entonces Shaun entra en contacto co movemento.

Semanas despois aparece Combo, un antigo membro da banda, que despois de tres anos de cárcere, preséntase con ideas nacional socialistas e racistas, e a partir de aí, prodúcese a escisión entre os membros que manteñen os seus ideais antirracistas, e o novo tipo de ideoloxía racista da supremacía branca, que Combo quere integrar. Shaun, convencido por las palabras de Combo, que se aproveita da vulnerabilidade do rapaz, decide quedarse ao carón do novo líder. Co tempo Shaun irá descubriendo o erro cometido.



# O Faladoiro

O **Día do Libro** (tamén denominado Día Internacional do Libro e Día Mundial do libro) é un acontecemento anual que se celebra o **23 de abril**. A festa celebrouse por primeira vez baixo os auspicios da UNESCO en 1995 coa idea de fomentar a lectura, a edición e publicacións impresas e os dereitos de autor.

Por iso, este mes “O Mirador” quere saber cales son as preferencias literarias das persoas máis pequenas do barrio de Fontiñas:

## Cal é o teu libro preferido ?

“Gerónimo Stilton e Naruto” Richard. 13 anos

“Memorias dun neno labrego” Noelia. 12 anos.

“Gerónimo Stilton” Alejandro. 10 anos.

“Naruto” Gregorio. 11 anos.

“O Hobbit” Xavi. 12 anos.




“Mortadelo e Filemón” Gregory. 9 anos.

“Contos de Andersen” Silvia. 7 anos.

“Ottoline vai o cole” Sheila. 8 anos.

“Harry Potter” Gonzalo. 12 anos.

“Manolito Gafotas” Serxio. 10 anos.



## **POLBO A FEJRA**

### **Paso 1º**

Conxelar o polbo previamente, xa que coa conxelación rómpense as fibras, o que contribúe a que o polbo este máis tenro unha vez cocido. Deixar a temperatura ambiente ata que este totalmente desconxelado.

### **Paso 2º**

Poñer auga abundante a ferver, preferentemente nun cazo de cobre.

### **Paso 3º**

Límpase o polbo, quitando as tripas da cabeza, boca e ollos. Cando a auga rompa a ferver, cóllese o polbo pola cabeza e introdúcese na auga afundíndoo e levantándoo da auga tres veces seguidas. Tras esta operación os tentáculos quédanse rizados. Deixamos entón que o polbo quede somerxido na auga ata que comece a ferver de novo. Cando isto ocorra, contaremos aproximadamente 20-30 minutos. Pinchamos para comprobar que o polbo está tenro e apagamos o lume deixando repousar o polbo dentro da auga outros 20-30 minutos.

### **Paso 4º**

Pasado o tempo de reposo, retirase o polbo da auga, cortase en rodaxas de 1 cm de grosor aprox., colócase nun prato (preferiblemente de madeira) e sazónase con pementón picante, aceite de oliva virxe e sal gorda.



# Proteste xa !

“O Mirador” estrea nova sección! **Proteste xa !** nace para dar cabida ás protestas das nosas veciñas e veciños, queixas ou reivindicacións da índole que sexan.



## **SALVEMOS ÁS TARTARUGAS!!!!!!!**

¿Por qué tiramos o lixo ós ríos? Sabemos que acabará no océano ou no mar no que habitan moitos animais inofensivos como as tartarugas. Aínda que algunhas tartarugas sexan carnívoras, que creo que por iso a xente non as respecta tanto, son seres vivos e teñen dereito a vivir. ¿Qué diríades se vai alguén a vosa casa e ponse a tirar lixo así, sen máis?!! Denunciariades, pois iso é o que hai que facer; igualdade! Denunciamos os asasinatos, os roubos e outras moitas cousas, denunciemos o maltrato físico e psicolóxico que provocamos nas tartarugas, tanto mariñas como terrestres, ao tirar lixo por todas partes, pensa nos demais seres vivos, que como a túa mascota, á que seguro que queres, teñen dereito a vivir.

Por:  
África Iglesias Casal



# Pasando o tempo

**ATOPA AS DIFERENZAS. SE PODES !**



## O refraneiro

O refraneiro di que abril é o mes da primavera. Os campos e xardíns éñchense de flores. Os días alárganse e anoitece cada vez máis tarde. Conforme soben as temperaturas chegan as primeiras aves migratorias e aparecen insectos e reptis. O canto do cuco e a volta das andoriñas certifican a esperada chegada da primavera.

**Sae marzo e entra Abril, nubes a chorar e campos a rir.**

**En Abril, augas mil.**

**En Abril, quita a vella o mandil.**

**Se queres saber cando é Abril, a andoriña viracho dicir.**

**Marzo airoso e Abril chuvioso, fan de Maio florido e fermoso.**

**Abril sen granizar, nin se viu nin se verá.**



# Entrevista

## A CASA DO VENTO

O equipo de “O Mirador” foi nestes días a visitar a “Casa do Vento”, un novo centro social aquí, na cidade de Santiago de Compostela. Acompañounos na visita Pablo Alonso, un dos argalleiros da apertura deste centro e dos grandes implicados na súa posta en marcha. Ademais de ensinarnos a casa, contestounos a unha serie de preguntas. Con isto, “O Mirador” pretende afondar un pouco máis no coñecemento do proxecto, e como non, dalo a coñecer ás súas lectoras e lectores.



### Que é a Casa do Vento?

*Esta casa pretende ser un espazo no que a participación aberta e libre de prexuízos e a organización asemblearia horizontal (avaliando e respectando igualmente todas as opinións) sexan eixos fundamentais. Ademais disto, a “Casa do Vento” xorde como unha alternativa anticapitalista, na que as moitas*

*e variadas actividades que levan a cabo son de balde, sen ánimo de lucro, e para todas e todos os que delas queiran participar.*

### Quen abre a casa para iniciar o proxecto?

*Pois un grupo variado de mozas e mozos que nos imos xuntando para conseguir un local onde traballar nas nosas inquedanzas. Naquilo que nos preocupa e que nos interesa.*

### A casa está moi ben, os espazos moi diferenciados, cada sala para as distintas actividades...

*Si... Aínda queda moito por facer, pero parécenos moi interesante a idea de aproveitar espazos coma este que hai tempo estaba abandonado, para evitar que apodreza e caia, e para transformalo nun lugar onde reunirmos, do que disfrutar. Nun lugar vivo e activo.*

## Entrevista

### **Tedes algún problema de tipo legal polo feito de estar aquí?**

Non, todo o contrario. Temos o permiso do dono da casa para estar aquí alomenos ata o mes de decembro. Despois xa se verá.

### **Participa moita xente das actividades que ofertades?**

*Depende un pouco da actividade, pero en xeral hai boa aceptación. Hai actividades fixas coma o xantar vegano dos venres, e outras variables, como o ioga, obradoiros de xabazón, etc, que están tendo unha boa aceptación por parte da xente. Tamén temos unha tenda de roupa na que cadaquén pode vir e coller o que precise, unha biblioteca...*

### **Xa para rematar, que lle dirías á cidadanía de Compostela para convidala a vir a este fermoso lugar?**

*Que tedes un espazo aberto para vós, no que podedes usar o que precisades, no que podedes compartir as vosas inquedanzas e necesidades. Un lugar onde ter a oportunidade de ser coherentes e poder non ser consumistas, onde poder autoxestionar as nosas vidas, o noso esforzo e o noso tempo libre. Onde non exista unha autoridade se non que todas e todos sexamos iguais no intre de participar, opinar e decidir. Onde aprendamos unhas das outras... Onde poder propoñer as cousas que nos interesa compartir e que nos gustaría aprender.*

*Así que xa sabedes, animadevos a pasar cando queirades. Estadese todas e todos convidados!. Até pronto!*







# O Mirador

Abril

Número 7



O GALEGO É A  
**CHAVE** COA QUE  
ABRIMOS O MUNDO

**17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

CÓNTANOS:

E- MAIL

[educacionderua@santiagodecompostela.org](mailto:educacionderua@santiagodecompostela.org)

MÍRANOS NA WEB:

[www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)

(O Concello de Santiago non comparte necesariamente as opinións expresadas nos artigos da revista)

## O MIRADOR

### Edita:

Sevizos Sociais.  
Concello de Santiago de Compostela

### Financia

Deputación Da Coruña

### Dirección:

Programa Municipal de Educación de Rúa

### Colaboracións:

IES Antonio Fraguas, Espazo de Maiores e Ludoteca do CSC Das Fontiñas, Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias, Unidade de Traballo Social de Fontiñas, Unidade Municipal de Atención ás Familias, Centro de Saúde das Fontiñas, Fundación Secretariado Xitano, Centro de Día de Atención Integral Arela, Programa de Apoio a Familias Monoparentais Abeiro, Cruz Vermella e o Equipo de reporteiros e reporteiras de Educación de Rúa.